Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 13 DE NOVEMBRO DE 2026 | VIERNES, 13 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 218

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Anuncio prórroga por un ano da bolsa de emprego para operarios/as de servizos múltiples/varios do Concello de Dodro

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía núm. 631/2025 de 05/11/2026 adoptouse o acordo que a continuación se transcribe:

A Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 25 de outubro de 2023, acordou entre outros, aprobar a convocatoria e as bases para a formación dunha bolsa de emprego para operarios/as de servizos múltiples/varios do Concello de Dodro, mediante o sistema de concurso oposición. O anuncio da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o venres 27 e outubro de 2023 (BOP núm. 206). As bases reguladoras do proceso selectivo foron publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Consta no expediente a Resolución da Alcaldía núm.658/2023 do 20 de novembro de 2023 na que se resolve, entre outros, aprobar a relación de candidatos/as que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación, aos efectos de formación de bolsa de emprego para operarios/as de servizos múltiples/varios.

As bases reguladoras que rexen a referida bolsa de emprego, na base décima punto 8 establece: *"A bolsa de traballo extinguirase unha vez que transcorreran tres anos a contar desde a data da Resolución da Alcaldía que aprobou a relación e orde de prelación dos integrantes dela, ou por derrogación expresa por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, por un ano máis, a cal deberá ser acordada por Resolución de Alcaldía antes de finalizar o período inicial de duración da bolsa."*

A vista do anterior, e tendo en conta que non foi convocado novo proceso selectivo para a formación de nova bolsa de emprego para operarios/as de servizos múltiples/varios, considerando que existe unha necesidade de realizar unha nova contratación para a categoría mencionada, e como solución garante dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Considerando que as bases que rexen o proceso selectivo de formación da bolsa de emprego mencionada no parágrafo anterior, habilitan á citada prórroga correspondendo a adopción do acordo á Alcaldía, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Prorrogar por un (1) ano a bolsa de emprego para operarios/as de servizos múltiples/varios do Concello de Dodro.

Segundo.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro así como no BOP da Coruña.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

O que se publica aos efectos oportunos

Dodro, 9 de novembro de 2026

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2026/7378

Número de anuncio 2026/7378